

Procedemento para a xestión e o recoñecemento dos estudos realizados na University of South Wales no marco do acordo bilateral de dobre titulación para estudantes saíntes

(aprobado en Comisión Académica o 3 de setembro de 2014 e modificado en Comisión Académica o xx de xullo de 2015)

1. Requisitos dos estudantes:

- O alumno debe ter superadas todas as materias de primeiro e segundo curso (120 ECTS) do Grao en Enxeñaría Informática en maio ou xullo do curso inmediatamente anterior á súa estadía na University of South Wales.
- O alumno debe posuír un nivel C1 de coñecemento de inglés ou pertencer ao grupo bilingüe do Grao en Informática, se o houber.

2. Sobre os módulos a cursar en destino:

Dependendo do curso e mención que curse o alumno, deberá cursar en destino un conxunto de módulos (asignaturas de University of South Wales) dentro dos ofertados pola universidade equivalentes a 60 créditos ECTS, que corresponden con 6 módulos na universidade de destino. No Anexo I especifícanse os módulos a cursar en destino se o estudante cursa na University of South Wales o 3º curso do grao. No caso dos estudantes de 4º curso, estudarase cada caso de forma individualizada.

3. Solicitude:

Os alumnos interesados deben presentar unha solicitude de participación no convenio bilateral na administración do centro antes do 5 de febreiro do curso académico inmediatamente anterior ao previsto para a súa estadía con fins de estudos. O modelo da solicitude de participación no programa está recollido no Anexo II.

4. Sobre a matrícula en destino e orixe:

Unha vez confirmada a aceptación da solicitude por parte da persoa responsable de relacións internacionais do centro, o estudante deberá formalizar a súa pre-matrícula na universidade de destino -finais de marzo-. A pre-matrícula estará condicionada á superación dos 120 créditos ECTS do 1º e 2º curso. Para elo, seguiranse as instrucións recibidas da universidade de destino, logo da nominación realizada polo centro.

Igualmente, antes do inicio do curso, o estudante deberá entregar a solicitude de recoñecemento de contrato de estudos na administración do centro, dirixida á Comisión de Docencia do centro, no que se incluírán as materias a cursar na University of South Wales e as súas equivalencias no plano de estudos do Grao en Enxeñaría Informática. Este contrato deberá incluír 60 créditos correspondentes a materias de 3º ou 4º curso do Grao en Enxeñaría Informática. O modelo da solicitude de recoñecemento está recollido no Anexo III.

O estudante non será oficialmente alumno da Universidade da Coruña durante o curso académico no que estea matriculado na University of South Wales, pero quedará rexistrado no seu expediente o contrato de recoñecemento de estudos aprobado pola Comisión de Docencia.

O estudante poderá modificar o contrato ao inicio de cada cuadrimestre da universidade de destino. Para iso, deberá remitir unha solicitude de cambio de contrato de recoñecemento de estudos na administración do centro, dirixida á Comisión de Docencia, que estudará a aprobación dos cambios solicitados.

Rematada a estadía o centro recoñecerá, a instancias do estudante e sempre que se acompañe cun certificado de notas orixinal da universidade de destino, as materias superadas na University of South Wales de acordo ao último contrato aprobado pola Comisión de Docencia nos termos descritos no seguinte apartado.

No caso de cursar o TFG na University of South Wales, o estudante deberá matricularse na materia correspondente ao TFG do seu itinerario na UDC antes de que termine a súa mobilidade e rexistrarse como alumno en convenio bilateral específico na Oficina de Relacións Internacionais, xa que o traballo non pode ser obxecto de recoñecemento académico ordinario. A incorporación da cualificación do traballo no expediente deberá seguir o procedemento que a normativa establece para os traballos fin de grao en programas de mobilidade (artigo 2.7 do Procedemento para a avaliación dos Traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado).

5. **Sobre o recoñecemento académico:**

O recoñecemento académico realizarase seguindo a equivalencia de materias establecidas no último contrato de estudos aprobado pola Comisión de Docencia, realizando a conversión da nota segundo o baremo aplicado a calquera estudante da UDC que realice o seu intercambio na University of South Wales.

A conversión da nota realizarase segundo os baremos oficiais aplicables ás cualificacións existentes na University of South Wales (http://sasstudent.southwales.ac.uk/onlineresults/grade/Understanding_my_module_and_assessment_results_USW/ e <http://academicregistry.southwales.ac.uk/regulations/>) , que se indican na seguinte táboa:

University of South Wales	UDC
Fail (0-29.9)	Suspenso (0-2.9)
Narrow Fail (30-39.9)	Suspenso (4-4.9)
Pass - Third (40-40.9)	Aprobado (5)
Pass - Third (41-49.9)	Aprobado (6-6.9)
Pass - Lower second (50-59.9)	Notable (7-7.9)
Merit - Lower second (60-69.9)	Notable (8-8.9)
Distinction (70-100)	Sobresaliente (9-10)
	Opción á MH no caso ≥ 75)

ANEXO I: RECOÑECIMENTOS ACADÉMICOS COA UNIVERSITY OF SOUTH WALES

Enxeñaría do Software:

SE3S604 Advanced Internet & Mobile Computing

CS3S605 Computer Networks

IS3S602 Advanced Databases & Modelling

SE3S601 Object Oriented Systems

IS3S601 IS Management

IS3S603 E-business Systems & Strategy

Convalidaríanse por:

- Internet e Sistemas Distribuídos
- Interfaces Persoa Máquina
- Xestión de Infraestruturas
- Bases de Datos Avanzadas
- Ferramentas de Desenvolvemento
- Arquitectura do Software
- Validación e Verificación do Software
- Sistemas de Información Empresarial
- Xestión de Procesos de Negocio
- Sectores de Negocio

Tería que cursar en 4º:

- Xestión de Proxectos
- Lexislación e Seguridade Informática
- Aseguramento da Calidade
- Enxeñaría de Requisitos
- Metodoloxías de Desenvolvemento

- Proyectos de desarrollo software
- Marcos de desarrollo
- Programación avanzada
- TFG

Enxeñaría de Computadores:

SE3S604 Advanced Internet & Mobile Computing

CS3S601 Concurrent & Parallel Programming

CS3S606 Distributed Computing

SE3S606 Mobile Application Development or IS4S704 Independent Study

CS3S603 Real-Time Rendering Techniques

CS3S608 Advanced Applied Computer Networking or CS3S605 Computer Networks

Convalidaríanse por:

- Internet e Sistemas Distribuídos
- Interfaces Persoa Máquina
- Arquitectura de Computadores
- Enxeñaría de Infraestruturas Informáticas
- Programación de Sistemas
- Sistemas embarcados
- Computación gráfica
- Contornos inmersivos, interactivos e de entretemento
- Software de comunicacións
- Administración de Redes

Tería que cursar en 4º:

- Xestión de Proxectos
- Lexislación e Seguridade Informática
- Xestión de infraestruturas
- Dispositivos Hardware e Interfaces

- Redes m3biles e sen f3os
- Administraci3n de Infraestructuras Inform3ticas
- Codese3o Hardware-Software
- Procesamento Dixital da Informaci3n
- TFG

Computación:

SE3S604 Advanced Internet & Mobile Computing

CS3S605 Computer Networks

CS3S602 Modern Applications of Artificial Intelligence

CS3S603 Real-Time Rendering Techniques

SE3S606 Mobile Application Development or IS4S704 Independent Study

SE3S601 Object Oriented Systems

Convalidaríanse por:

- Internet e Sistemas Distribuídos
- Interfaces Persoa Máquina
- Xestión de Infraestruturas
- Representación do Coñecemento e Razoamento Automático
- Desenvolvemento de Sistemas Intelixentes
- Computación gráfica
- Contornos inmersivos, interactivos e de entretemento
- Programación de Sistemas
- Sistemas embarcados
- Arquitectura do Software

Tería que cursar en 4º:

- Xestión de Proxectos
- Lexislación e Seguridade Informática
- Deseño de Linguaxes de Programación
- Procesamento de Linguaxes
- Visión artificial

- Aprendizaxe automática
- Teoría da Computación
- Recuperación da Información
- TFG

Sistemas de Información:

SE3S604 Advanced Internet & Mobile Computing

CS3S605 Computer Networks

IS3S602 Advanced Databases & Modelling

SE3S601 Object Oriented Systems

IS3S601 IS Management

IS3S603 E-business Systems & Strategy

Convalidaríanse por:

- Internet e Sistemas Distribuídos
- Interfaces Persoa Máquina
- Xestión de Infraestruturas
- Modelado Avanzado da Información
- Bases de Datos Avanzadas
- Metodoloxías de desenvolvemento
- Sistemas de Información Empresarial
- Xestión de Procesos de Negocio
- Sectores de Negocio
- Calidade na Xestión TIC

Tería que cursar en 4º:

- Xestión de Proxectos
- Lexislación e Seguridade Informática
- Integración de Datos
- Arquitecturas dos Sistemas de Información
- Explotación de Almacéns de Datos

- Calidade en Sistemas de Información
- Análise e Desenvolvemento dos Sistemas de Información
- Planificación de Sistemas de Información
- TFG

Tecnoloxías da Información:

SE3S604 Advanced Internet & Mobile Computing

CS3S605 Computer Networks

IY3S602 Systems Security & Administration

IS3S602 Advanced Databases & Modelling

IY3S601 Ethical Hacking

CS3S608 Advanced Applied Computer Networking or CS3S606
Distributed Computing

Convalidaríanse por:

- Internet e Sistemas Distribuídos
- Interfaces Persoa Máquina
- Xestión de Infraestruturas
- Administración de Sistemas Operativos
- Seguridade nos Sistemas Informáticos
- Administración de Bases de Datos
- Explotación de Almacéns de Datos
- Programación integrativa
- Diseño de redes / Integración de Aplicacións
- Administración de redes / Administración de Infraestruturas e
Sistemas Inform.

Tería que cursar en 4º:

- Xestión de Proxectos
- Lexislación e Seguridade Informática
- Diseño de redes / Integración de Aplicacións
- Servizos multimedia

- Calidade na Xestión TIC
- Administración de Redes / Administración de Infraestruturas e Sistemas Inform.
- Optativa do Q8
- Optativa do Q8
- TFG

**ANEXO II: SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO CONVENIO
BILATERAL DO DOBRE GRADO COA UNIVERSIDADE DE GALES DO**

SUR



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO CONVENIO BILATERAL
DO DOBRE GRADO COA UNIVERSIDADE DE GALES DO SUR**

APELIDOS	
NOME	DNI
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
CURSO ACTUAL	MENCIÓN A CURSAR
NIVEL DE INGLÉS ACREDITADO (ADXUNTAR CERTIFICADO SE PROCEDE)	

SOLICITA

Ser incluído na convocatoria interna da Facultade de Informática para realizar os seus estudos no curso 2014/15, correspondentes ao terceiro curso do Grao en Enxeñaría Informática, na Universidade de Gales do Sur

--

A Coruña, ____ de _____ de 20__

FDO. O ALUMNO

Prazo de presentación de solicitudes: ata ás 14:00h do 25 de marzo de 2014

Lugar de presentación: Administración da Facultade de Informática

A ATENCIÓN DO VICEDECANATO DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DA FACULTADE DE
INFORMÁTICA

ANEXO III: SOLICITUDE DE CONTRATO DE RECOÑECIMIENTO DE ESTUDOS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Informática

Solicitude de Contrato de Recoñecemento de Estudos

Curso:

Programa: Acordo Bilateral do Dobre Titulación coa University of South Wales

Datos do Estudante

Apelidos:

DNI - Pasaporte

Nome:

Datos académicos

Curso: 1. 2. 3. 4.

Cadro de asignaturas					
Código	Asignatura	Créd.	Código	Asignatura	Créd.
Suma créditos:		60	Suma créditos:		60

Firma do estudante

A Comisión de Docencia, na súa sesión do _____, acorda que, unha vez entregada por parte do estudante a certificación académica oficial de notas por ter cursado na University of South Wales as asignaturas e os créditos acordados, o centro recoñecerá a instancia do interesado as asignaturas e créditos que neste documento se indican do Grao en Enxeñaría Informática, coa equivalencia correspondente, en aplicación do procedemento para xestión e recoñecemento dos estudos realizados na University of South Wales no marco do acordo bilateral de dobre titulación para estudantes saíntes da Facultade de Informática.

Firma e selo

A ATENCIÓN DO/A PRESIDENTE DA COMISIÓN DE DOCENCIA